

CASTELAO E A LOITA POLA CONFORMACIÓN DUNHA PROSA GALEGA

M^a TERESA LOPEZ E XOSE M^a DOBARRO
Universidade de Santiago

Neste congreso hai un apartado dedicado ao Castelao escritor, máis concretamente, á obra literaria de Castelao. Entendemos que é unha magnifica oportunidade para afrontar, sen medos, aspectos que se referen a unha literatura marxinal, da que sempre, como diria Joan Fuster hai que falar con "una punta de pasio".

É obvio, xa que logo, que se imos falar dun Castelao escritor é porque escrebeu, porque fixo literatura, naturalmente galega.

Sen entrarmos a facer disquisicións acerca das condicións que se teñen que dar para que alguén poda ser considerado escritor (literato), a leitura da bibliografía existente sobre esta faceta de Castelao lévanos, de entrada, a plantexármونos algúns interrogantes ao respecto:

- se Castelao foi realmente un escritor con conciencia de tal
- se esta conciencia, de tela, implicaba un "querer ser" tal, isto é, un traballo literario constante
- se este traballo, de habelo, obedecia a contribuir a unha causa, a da creación dunha prosa literaria galega
- se os seus contemporáneos vian nel un escritor
- ...

Anticipemos, xa, unha resposta.

Para nós, o que nos prosistas galegos anteriores foi un traballo meramente "anecdótico", en Castelao converteuse nalgo consustancial. Esta consustancialidade -esencialidade- radica en que o noso escritor actua dentro do nacionalismo galego organizado, ao que se incorpora, como todos os presentes saben, desde os seus inicios. O incipiente nacionalismo tiña como un dos seus principais obxectivos a utilización do galego en todos os ámbitos. Non é de extrañar se temos en conta que se organizou ao redor das "Irmandades dos Amigos da Fala". Pero a "fala" non era só fala, tiña que ser tamén escrita, tiña que ser tamén literatura. Para os primeiros nacionalistas, cremos, era evidente que a literatura axudara a conformar nacións (estados), así como que as únicas literaturas que se recoñecen como tales tiñan unha íntima vinculación cos estados (que non nacións). En consecuencia, Galiza, que non era un estado pero si unha nación, tiña que posuir unha literatura, unha literatura que tiña que ser dona de si mesma, universal, entendendo por tal unha literatura non subsidiaria, nem das circunstancias sócio-políticas imediatas (*?panfletaria?*) nem das correntes más "modernas". Había que dotar

a Galiza dunha literatura funcional: lexíbel e interesada. Unha literatura que á vez criase leitores e incidise socialmente.

Repasando a historia vemos como a literatura galega en 1919 (ano en que as páxinas de *A Nosa Terra* recollen a primeira entrega literaria de Castelao) só tiña unha presencia "significativa" na poesia, ainda que tamén houbera intentos de levalo á prosa e ao teatro. Se non callara nestes xéneros, está claro que non era por unha incapacidade do idioma. Érao por unha falta de demanda dos habitantes do país; ben por un analfabetismo funcional (e non só), ben por xa ter as suas necesidades social-literarias cobertas (por suposto, en español).

O galego, como as sardiñas para os xeiteiros, fuxira.

Pero como os xeiteiros, que querian seguir comendo (vivendo), se afixeron á nova situación, os nosos escritores, como Castelao, procuraron novas artes.

Enfiendo. Cuestionábamos se Castelao podía ser considerado literato desde diferentes perspectivas. Vexamos de dar respuestas.

Con relación á primeira cuestión, digamos que é moi pouco o que Castelao fala de si mesmo como escritor. Cando o fai é referíndose a este seu labor como "secundario", ou ben movéndose nos tópicos da "falsa modéstia". Non doutra maneira hai que entender afirmacións como a de querer ser "un ventureiro das letras" ("A carón da natureza") ou falar dos seus "soaces literarios" ("Limiar" de *Retrincos*).

A respeito da segunda, é indubitábel que Castelao realizou un traballo literario constante, que se manifesta en sucesivas entregas e re-escrituras, entre 1919 e 1934; como se pode comprobar no cadro que adxuntamos. Tanto é así que en determinados momentos (p.e. a sua colaboración literaria en *El Pueblo Gallego* nos anos 1926 e 1927, a práctica totalidade do que logo seria o segundo libro de *Cousas*) foi, moi probabelmente, profisional das letras.

Isto non quere dicer que o esencial da sua escrita non estivese ao servizo da recuperación da prosa literaria galega. Non é casual que a sua narrativa se dé a coñecer pouco despois da I Asamblea de Lugo, onde se definiu o primeiro proxecto político para Galiza. Tamén non o é que, definitivamente, deixe o labor literario pouco antes do seu primeiro desterro. Daquela había outras cousas máis urxentes polas que loitar.

Que os seus contemporáneos o vian como escritor, e ademais "bon", está más que claro na unanimidade con que o xulgan as persoas máis dispares, en diferentes anos e situacions. Citemos algún exemplo. Para Joaquín Pesqueira ("Castelao y el humorismo gallego", *Faro de Vigo*, 16/5/1926) hai que situalo "de golpe, por derecho propio, a la cabeza de los escritores gallegos que emplean para su expresión el idioma vernáculo"; para Risco (reseña, sen nome, ao segundo libro de *Cousas* aparecida en *Nós*), é "un grande escritor" e Fernández Flórez ("El Gandhi gallego", en *Acotaciones de un oyente*, 1931) pensa que "podría ser también, si se lo propusiera, uno de nuestros primeros literatos" (referido a españois).

En definitiva, cremos que Castelao non só foi escritor senón que tamén loitou por selo, e a loita foi un dos componentes dun proxecto global no que estaba a participar, e moi activamente. Como apoianta citemos un anaco do *Sempre en Galiza*:

"O ano 1916 surde o movemento nacionalista, iniciado polas "Irmandades da Fala". Os galeguistas saen da cibdade para falaren aos aldeáns no seu propio idioma e ao mesmo tempo infiltranse nas camadas burguesas. Publícase a revista "Nós" -órgao da cultura galega- e o boletín "A Nosa Terra" -órgao político dos galeguistas-. Créase a editorial "Céltiga" no Ferrol, a "Lar" na Cruña e a "Nós" en Compostela. Publícanse unhas catrocentas obras literarias, que consolidan e fixan a unidade do idioma (...) Así n-estes derradeiros anos, prodúxose a máis completa eclosión da cultura galega,..." (pp. 106-107 da ed. de Akal).

Se o citamos é porque Castelao participou, curiosamente, coas suas prosas en todas estas empresas, neste labor colectivo. É un compromiso ao que había que unir a calidade; calidade que só se pode obter dunha constante revisión, dun pulimento. Castelao, como todo grande artista, sempre tivo isto presente, que non había produtos casuais, e podería ter dito o que pensaba Lorca (que como Castelao tamén sofreu a represión fascista e a utilización postmortem):

"...si es verdad que soy poeta por la gracia de Dios -o del demonio-, también lo es que lo soy por la gracia de la técnica y del esfuerzo, y de darme cuenta en absoluto de lo que es un poema".

Esta consciéncia de que nada era resultado da gracia divina exclusivamente, de que todo esixe un esforzo complementario maniféstase na constante re-elaboración, re-escritura, de grande parte da sua prosa.

Se así explicitado isto non é novedoso, porque xa Alvarez Blázquez deixou dito que "Castelao foi home moi preocupado pola forma, sempre aguiorado por un afán de perfeccionamento na sua obra literaria" ("Limiar" a *Cousas, terceiro libro*) e Paz Andrade que "Escríbia e redescríbia cada peza, senón cada cuartela, cantas veces o esixía o seu canon autocrítico" (*Grial*, nº 71), até o presente non se ten afondado nesta cuestión.

No xa citado cadro adxunto recollemos a obra narrativa breve de Castelao, acompañada das redaccións previas de cada prosa que coñecemos. Absolutamente todas estas redaccións previas presentan diferencias, en maior ou menor medida, a respecto da versión definitiva.

Permitasenos unha paréntese. Resulta sorprendente que o labor editorial feito sobre a obra de Castelao se reduza á rentabilidade económica da reedición, con deturpacións incluídas, e nunca se intentase levar adiante unha edición crítica (necessidade xa apontada hai once anos por Alvarez Blázquez no xa mencionado "Limiar").

Dentro dos límites que unha comunicación impón imos exemplificar como Castelao loitou pola criación dunha prosa literaria galega, esforzándose, nun constante traballo de re-elaboración, até chegar ao que para el eran, se cadra, produtos literarios de calidade. Escollemos un dos relatos de *Retrincos*, "Peito do lobo" por varias razóns:

- porque con este relato apareceu publicamente o Castelao narrador
- porque *Retrincos*, impreso no Nadal de 1934, foi a sua despedida como escritor de criación

- porque coñecemos catro versións diferentes e con significativas variantes entre a primeira e a última
- porque ofrece moitas posibilidades para demostrar o interese, ao que xa nos temos referido, de Castelao por mellorar a sua propia obra á par de contribuir a enriquecer a do seu país.

As catro versións aludidas son as de *A Nosa Terra* (1919), *Galicia* (1924), *Nós* (1929) e *Retrincos* (1934). Se facemos unha confrontación, sen entrar en análise profundas, que non veñen ao caso, podemos salientar o seguinte:

- a versión inicial é radicalmente diferente das outras tres
- as diferencias, tanto ao desenvolvimento da matéria narrativa, que apresentan as versións de *Galicia* e *Nós* son mínimas
- entre a redacción final e a do ano 29 só se poden apreciar matizaciones estilísticas, fundamentalmente de carácter léxico-semántico.

En resumo, a versión definitiva, en embrión, está xa no texto aparecido en 1924 no xornal *Galicia*. En consecuencia, cinxirémonos a confrontar someramente a primeira e a última versión, sen deixar de lado a importancia das outras.

O primeiro que se ve é que o texto inicial é más extenso. Para chegar ao final hai un proceso de elaboración que pasa por unha depuración ou eliminación daqueles elementos que o autor considera superfluos, en aras dunha economía narrativa.

Ao tempo, hai unha re-estruturación do relato que leva aparellado un novo equilibrio da narración. Así o demostran as modificacions que se introducen co obxectivo de intensificar o final, en detrimento do que podemos considerar o núcleo, a saída do cabezudo. En certa forma, a versión definitiva do relato fixose en función do final (como moi acertadamente ten subliniado o profesor Carballo Calero na sua análise de *Retrincos* como produto definitivo): resaltar o paralelo entre a decadéncia de Peito de lobo e o seu "irmanciño". Isto é tanto así que hai duas significativas introducións, xuicios do narrador, que o explicitan:

"Dende entón o meu amigo considerouse un pouco inmortalizado" e "Coma se nascese destinado a ser unha cabeza grande de cartón, Peito de Lobo ollaba no cabezudo a súa forteza pasada, a súa esvaída popularidade".

Ademais, obsérvase a intención de distanciar a primeira persoa narrativa, de impersonalizar, nalgúnha medida, o relato, através da eliminación de elementos que identifiquen autor e narrador (intención tamén presente nalgúns das "cousas"). Suprímese a referencia á sua faceta de caricaturista ("...n'aquel tempo d'a miña mocedade artística aínda iña n'os palotes d'a caricatura"), p.e.

Apréciasi, tamén, un claro intento de interesar ao leitor na historia que se fai patente na progresiva dosificación de elementos narrativos. Así, na primeira redacción xa no inicio declara o rasgo físico identificador do protagonista, o nariz, mentres na versión definitiva en principio só se nos di que Peito de Lobo era "o tipo máis laido da vila" e con posterioridade sabemos do seu "defeito" de forma directa, através do parlamento da sua muller.

Non deixando de lado as outras duas versións (a de *Galicia* e a de *Nós*), se as confrontamos coa versión definitiva vemos como as variantes son, sobre todo, sustitución sinonímica ("o que máis mal lle pareceu" / "o que máis o magou"; "como" / "semellante a"); correccións lingüísticas -síntoma do afán de criar un galego literario e uniforme ("destinado" / "destiñado" -ainda que este concreto exemplo hoxe poda parecernos desacertado) ou modificacións puramente aclaradoras ("fomos a tomar un neto" / "quedamos amigos").

Pero ainda hai máis. Se comparamos as versións do '24, '29 e '34, observamos como a primeira delas presenta semellanzas léxicas coa última frente á intermédia (p.e. "laido" / "feo", "papei" / "pasei").

A revisión e a escolha son evidentes.

Como conclusión, estamos convencidos de que tras uns anos de "palotes na literatura" Castelao conseguiu unha prosa de seu, e xa en data temperá (ao redor de 1924), ainda que non deixou de pulila, limala, mellorala. Concluímos isto porque desde que definiu e conformou un estilo próprio, unha forma de facer literatura galega, as variantes reexistadas entre sucesivas entregas dunha mesma peza narrativa son mínimas. As sustancials foron todas anteriores.

1922 *Un olló de vidro. Memorias dun esquelete* <- 1920 *Humorismo. Dibuxo humorístico, Caricatura*.

1926 *Cousas* (Primeiro libro)

A carón da Natureza <- 1919 *Arte e galeguismo*.

<- 1921 "Na mesa de pedra..." (con debuxo), *Nós*, nº 6.

A Marquesiña

A aldea esquecida <- 1920 "Foi que n-unha noite moura...", *Nós* nº 3.

Os cruceiros <- 1923 "Reparáchedes nos nosos cruceiros...", *Nós*, nº 17.

O Rifante <- 1924 O Rifante, *Céltiga*, nº 6.

A Procesión <- 1919 Contos de Castelao. Lembranzas, *A Nosa Terra*, 25/7.

A Ponte Vella

Martiño

Un casamento <- 1924 Contos de Castelao. Un casamento, *Galicia*, 17/8 (sen debuxo) <- 1919 Contos de Castelao. Cousas da vida, *A Nosa Terra*, 5/9 (sen debuxo).

A Dona Encantada <- 1924 Contos de Castelao. A dona encantada, *Galicia*, 28/9 (sen debuxo).

Novela <- 1924 Contos de Castelao. Novela, *Galicia*, 14/9 (sen debuxo)
<- 1922 Novela, *Nós*, nº 9 (sen debuxo).

O alquilador <- 1924 O alquilador, *Céltiga*, nº 7.

Na vellez

A Siña Sinfososa

O Profundador <- 1925 O Profundador, *Céltiga*, nº 11.

- A tola do monte ⇐ 1920 "-Éralle unha rapaza bonita...", *Nós*, nº 2.
 O Aparello dos Apóstolos ⇐ 1925 Cousas da vida. O aparello, *Céltiga*, nº 9 ⇐ 1919 Contos de Castelao. O aparello dos apóstoles, *A Nosa Terra*, 25/9 (sen debuxo).
 O ichaviño ⇐ 1925 Contos de Castelao. O ichaviño, *Galicia*, 8/2 (sen debuxo).
 Os nenos
- 1929 *Cousas* (Segundo libro)
 Si eu fose autor ⇐ 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 10/4.
 Esa fiesta non é un ollo da casa ⇐ 1926 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 21/11.
 Foi por seguir-os mandados d'un amor ⇐ 1927 Cousas da vida, *Céltiga*, nº 60 ⇐ 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 17/4.
 Chegou das Américas un home rico ⇐ 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 5/6.
 No mar había un afogado ⇐ 1927 Cousas da vida, *Céltiga*, nº 61 ⇐ 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 23/1.
 A vella non para de gabal-a sua felicidade ⇐ 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 20/2.
 Manter un animal para comel-o ⇐ 1927 Cousas da vida, *Céltiga*, nº 57 ⇐ 1926 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 4/11.
 Xa van alá moitos anos ⇐ 1927 Cousas da vida, *Céltiga*, nº 66 ⇐ 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 29/5.
 Unha rua nun porto lonxano ⇐ 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 8/5.
 O vello "Saramaguiño" ⇐ 1926 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 19/12.
 Semellante ón fraude de madeira ⇐ 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 6/3.
 O burro non bulía nin chisco ⇐ 1926 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 28/11.
 O pai de Migueliño ⇐ 1926 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 17/10.
 Romualdo era un home "fino" ⇐ 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 22/5.
 Nunha Eirexa da montaña ⇐ 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 9/1.
 O fillo de Rosendo ⇐ 1926 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 26/12.
 Era un neniño de manteiga ⇐ 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 16/1.
 Don Froitoso ⇐ 1927 Cousas da vida, *Celtiga*, nº 65 <- 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 27/2.
 Amigo meu ⇐ 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 13/3.
 Esta morea de pedras e tellas ⇐ 1926 A vella Fanchuca, *Nós*, nº 31 (sen debuxo).

O bruxo da montaña ← 1926 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 31/10.
Doña Florinda ← 1926 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 24/10.
Dende a fiestra da torre ← 1926 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 12/12.
Ese rapaz saído das miñas lembranzas ← 1926 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 9/11.
O señor Antón ← 1927 Cousas da vida, *Céltiga*, nº 69 ← 1927 Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 10/7.
Vou contarvos un conto triste ← 1926, Cousas da vida, *El Pueblo Gallego*, 5/12 (sen debuxo).

1934 *Retrincos*

O segredo ← 1929 O segredo, *Nós*, nº 43 ← [Datado en 1909]
O inglés ← Datado en 1914
Peito de lobo ← 1929 Peito de lobo, *Nós*, nº 43 ← 1924 Contos de Castelao. Peito de lobo, *Galicia*, 24/8 ← 1919 Contos de Castelao. Peito de lobo, *A Nosa Terra*, 25/7 ← Datado en 1918.
O retrato ← 1929 O retrato, *Nós*, nº 43 ← Datado en 1922.
Sabela ← Datado en 1934.